

Compostela, 15 novembro de 2012. Esta fin de semana, días 17 e 18 de novembro, ADEGA participará na feira ecolóxica máis importante do país, **Terractiva**, coa mostra de humor gráfico **"Rir, por non chorar"** que se enmarca dentro da campaña "Ponte no medio. Móvete polo territorio" e unha charla sobre a evolución do proxecto **"Eira da Xoana"** que tras varios anos de traballo xa se está a consolidar como un dos centros de divulgación ambiental e de recuperación cultural de referencia de Galiza.

ADEGA tamén levará o seu habitual posto de información e divulgación de actividades, no que recollerá sinaturas para a **ILP contra a incineración**.

"Rir, por non chorar" amosará 36 obras elaboradas para tal fin por preto dunha vintena humoristas gráficos e ilustradores de toda Galiza, tales como Pinto & Chinto, Leandro, Guitián, Calros Silvar, Alberto Okidoki, Almudena, Dávida, Idoia de Luxán, Mª Carmen Ferrín, Rooster, Sergio Covelo, Marcos Beltrán, Quico, Zamudio, Miguel Fernández, Jorge Alba, Alfredo López "Tokio". O obxectivo deste proxecto é concienciar sobre as ameazas e as agresións que se cernen sobre o noso patrimonio natural e cultural. Por outra banda, intenta buscar solucións e propostas realmente sostibles e equilibradas de respecto ao noso entorno.

O acceso á exposición, que estará situada no recinto feira de Arzúa, será libre e permanecerá en Terractiva os dous días.

